



I.E.S. DE VILALONGA



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN



I.E.S. DE VILALONGA

A Salgueira, 40 - 36990 Vilalonga - Sanxenxo (Pontevedra)

Tlf. 886159137 - FAX 886159146

ies.vilalonga@edu.xunta.gal

www.edu.xunta.gal/centros/iesvilalonga



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA.

ESA

Ámbito Social.

Módulo III e IV.

CURSO: 2023/ 2024

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

Introdución.

Centro.

O I.E.S. de Vilalonga está emprazado nunha zona rural, no lugar da Salgueira, parroquia de Vilalonga, concello de Sanxenxo (Pontevedra), e comezou a súa actividade en novembro de 1980 como instituto de Formación Profesional. En 1989 fundiuse baixo a denominación actual co Instituto de Bacharelato que se creara ao seu carón.

A oferta educativa do Centro abarca desde a ESO e o Bacharelato (Científico-Tecnolóxico e de Humanidades e Ciencias Sociais), os Ciclos Formativos de Grao Medio (Xestión Administrativa e Electromecánica de Vehículos) e Superior (Administración e Finanzas), a Formación Profesional Básica (Mantemento de Vehículos e servizos Administrativos) até a ensinanza de adultos (Nivel II de Educación Secundaria de Adultos e a Oferta Modular do Ciclo Medio de Xestión Administrativa).

Alumnado.

Respecto do alumnado, debemos distinguir dous grupos: o que chega para cursar o 1º curso nos distintos niveis e o que xa é alumnado do Centro nos demais cursos. No primeiro grupo atópase o alumnado de 1º de ESO, que provén maioritariamente dos tres centros adscritos de Primaria, (Vilalonga, Nantes e Noalla), mentres que en 1º de Bacharelato a procedencia é do noso Centro (4º de ESO), do IES de Sanxenxo, do IES de Meaño e do centro concertado Abrente. No que respecta aos Ciclos Formativos, unha parte do alumnado tamén é do propio Centro e o resto ten distinta orixe: Sanxenxo, Meaño, O Grove e mesmo Pontevedra. Nos restantes cursos de ESO, Bacharelato e

Ciclos o alumnado é o que prosegue os seus estudos, ao que ocasionalmente se suma algún outro que cambia de centro por diversos motivos.

O perfil do alumnado na zona de influencia do centro ten un trazo destacado na falta de esforzo e de valoración do estudo favorecidas polas dúas actividades económicas máis influentes nos concellos de orixe, que son a vitivinícola e a de servizos no turismo. Deste xeito, a ligazón do alumnado a estas actividades reduce, ao longo do curso e sobre todo na convocatoria extraordinaria de setembro, o seu rendemento académico como resultado da importancia que no ámbito familiar se lle concede ao diñeiro como meta social.

Esta dificultade faise máis patente na secundaria obrigatoria e no 1º curso de Bacharelato porque este alumnado amosa problemas de aprendizaxe por non ter desenvolvidas as habilidades necesarias para o estudo dado que lles custa traballo aprender e non están afeitos a esforzarse. Por outra parte, os casos de indisciplina tenden a reducirse nos últimos anos e están localizados case exclusivamente nos primeiros cursos do ensino obrigatorio (1º e 2º de ESO e FPB).

Composición do departamento.

No presente curso o departamento de Xeografía e Historia esta composto polos seguintes membros:

M^a Teresa Fidalgo Villaverde.	<ul style="list-style-type: none">• Historia da Arte en 2º Bacharelato. (4 horas)• Historia da Arte en 2º Bacharelato. (4 horas)• Xeografía e Historia en 4º ESO-A. (3 horas)• 4º de ESO A. Titoría (1 hora)• Coordinación biblioteca. (8 horas)
Manuel Fernández Cobián	<ul style="list-style-type: none">• Historia de España 2º Bacharelato B (3 horas)• Historia de España 2º Bacharelato C (3 horas)• ESA III e IV: ámbito sociolingüístico. (4 horas)• 1º de Bacharelato. D. Historia do Mundo Contemporáneo. (4 horas)• 1º de Bacharelato. E. Historia do Mundo Contemporáneo. (4 horas)• 1º de Bacharelato. E. Atención educativa (1 hora)
José Ramón Pérez Calvelo.	<ul style="list-style-type: none">• 1º de Bacharelato. C. Historia do Mundo Contemporáneo (4 horas)• Xeografía e Historia 3º ESO B (3 horas)• Xeografía e Historia 3º ESO C (3 horas)• Xeografía e Historia 2º ESO- A. (3 horas)• Xeografía e Historia 2º ESO B (3 horas)• Xeografía e Historia 2º ESO C (3 horas)• Proxecto competencial 1º ESO- B. (1 hora)• Proxecto competencial 1º ESO- C. (1 hora)

Iván García Ambrunheiras.	<ul style="list-style-type: none"> • Xeografía de 2º Bacharelato. (4 horas) • Historia de España 2º Bacharelato A (3 horas) • Historia de España 2º Bacharelato D (3 horas) • Xeografía e Historia 4º ESO- B (3 horas) • Xeografía e Historia 4º ESO- C (3 horas) • Xefatura de Departamento (2 horas) • 2º de Bacharelato D. Atención educativa (1 hora)
Rosa María Becerra Blanco	<ul style="list-style-type: none"> • Xeografía e Historia 3º ESO- A (3 horas) • Xeografía e Historia 1º ESO- A (3 horas) • Xeografía e Historia 1º ESO B (3 horas) • Xeografía e Historia 1º ESO C (3 horas) • 1º FP Básica de Administrativo. Comunicación e sociedade I (5 horas) • 1º FP Básica de M. Reforzo educativo (3 horas)

Marco legal.

A normativa legal que rexe esta programación é a que segue:

- Real Decreto 1105/2014 de 26 de decembro polo que se establece o currículo básico en Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato. BOE del 3 de xaneiro de 2015.
- Lei orgánica 8/2013 do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa. BOE do 10 de Decembro de 2013.
- Orde ECD/65/2015 do 21 de xaneiro pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. BOE del 29 de xaneiro de 2015.
- Decreto 86/2015 de 25 de xuño polo que se establece o currículo en educación secundaria obrigatoria e do bacharelato. DOGA do 29 de xuño de 2015.
- Orde do 20 de marzo de 2018 pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia.

CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Entendemos as competencias clave como a capacidade de poñer en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diversas, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas. O concepto de competencia inclúe os saberes, as habilidades e as actitudes que programamos para as materias do Departamento de Xeografía e Historia.

Os *procedementos* que empregaremos para desenvolver a nosa actividade docente, e que van permitir acadar as competencias clave, son os seguintes:

-Indagación e investigación a través de hipóteses e conxecturas, observación e recollida de datos, organización e análise dos datos, confrontación das hipóteses, interpretación, conclusións e comunicación das mesmas.

-Tratamento da información grazas á recollida e rexistro de datos, análise crítica das informacións, a inferencia e o contraste.

-A explicación multicausal coa comprensión e análise dos numerosos factores causais que interveñen na determinación dos fenómenos históricos, xeográficos, sociais e humanos.

O desenvolvemento da área, e en consecuencia posibilitar que o alumnado acade as competencias clave, tamén se levará a cabo a través das **actitudes e valores** como o rigor e a curiosidade científica, a conservación e valoración do patrimonio, o respecto e tolerancia ás ideas e crenzas doutras persoas e sociedades, a valoración e defensa da paz mundial, a responsabilidade fronte aos problemas colectivos e o sentido da solidariedade. Estas estratexias materializaranse en **técnicas** como:

- Os mapas de contidos.
- As representacións plásticas.
- Comentarios de texto e obras artísticas.
- O debate, diálogo e coloquio.

► **Desenvolvemento das competencias clave nas materias do Departamento de Xeografía e Historia:**

1. Competencia en comunicación lingüística. (CCL) A contribución dende a Xeografía e Historia á adquisición de esta competencia está determinada polo uso da lingua como principal instrumento para organizar o pensamento, para aprender e para explicar, e como vehículo de comunicación no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Dende a Xeografía e Historia é posible adquirir e utilizar correctamente un vocabulario preciso e específico. Permiten o dominio das habilidades de ler e escribir diferentes tipos de textos como elementos de información social e histórica. Axudan a desenvolver a capacidade de expoñer clara e sistematicamente as ideas, argumentando con rigor e precisión.

2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia y tecnoloxía. (CMCCT) A Xeografía e Historia axuda á consecución desta competencia grazas ao traballo con materiais estatísticos (táboas, listados, gráficos ou diagramas) e á realización de cálculos matemáticos sinxelos para comprender ou comparar fenómenos de carácter social, económico ou xeográfico.

3. Competencia dixital. (CD) A Xeografía e Historia vai a contribuír ao desenvolvemento de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar a información e transformala en coñecemento. Permiten insistir en que a información é preciso saber utilizala, xa que por si mesma non produce unha forma axeitada de coñecemento. Axudan a comprender e integrar a información nos esquemas previos de coñecemento e capacitarse para a transmisión desta información dun xeito eficaz.

4. Competencia para aprender a aprender. (CAA) A Xeografía e Historia ,no seu desenvolvemento metodolóxico, axudan á consecución de ferramentas que facilitan a aprendizaxe e permiten atopar respostas que se correspondan cun coñecemento racional, orientando os procesos de aprendizaxe.

5. Competencia social e cívicas. (CSC) A Xeografía e Historia facilita as relacións dentro dun modelo de sociedade cada vez máis plural, e a comprensión da realidade social. Axudan á conformación das identidades sociais e territoriais. Constrúen as categorías de tempo e espazo social, permitindo a construción de tempo e espazo persoal no alumnado. Incorporan a visión de que o mundo no que vivimos é froito das decisións que tomaron os nosos antepasados máis ou menos libremente, permitindo o desenvolvemento dunha competencia social democrática e posibilitando unha interacción responsable co medio. O alumnado adquire a conciencia de que o futuro está condicionado polas nosas decisións e actuacións, e adopta unha posición comprometida e responsable ante este. Aplican unhas metodoloxías participativas, interactivas e dialóxicas, propiciando as habilidades para participar na vida cívica, asumir valores democráticos e cumprir os deberes.

6. Sentido de iniciativa persoal e espírito emprendedor. (CSIEE) A Xeografía e Historia vai a contribuír á adquisición desta competencia mediante a planificación das tarefas, a racionalización no traballo dos contidos ou a elección das técnicas de estudo.

7. Conciencia e expresións culturais. (CCEC) A contribución da Xeografía e Historia concrétese facilitando a selección e coñecemento de obras de arte relevantes, ben polo seu significado na caracterización de estilos e artistas; permitindo apreciar, comprender e

valorar as diferentes manifestacións culturais e artísticas materiais e inmateriais, utilízalas para o enriquecemento persoal e estímolas como elementos do patrimonio cultural.

CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DOS SEGUINTE ASPECTOS: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR OS MÓDULOS III E IV DO ÁMBITO SOCIAL NA ESA.

O ámbito social.

O ámbito social, de acordo co regulado na disposición adicional primeira do Real decreto 1631/2006, integra os aspectos básicos das materias de ciencias sociais, xeografía e historia, no presente curso 2023-2024 este seminario impartirá un grupo que abarca o módulo 3 e 4, e dicir, 3º e 4º ESA.

Contidos Módulo 3:

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Compet.	Procedementos e instrumentos
Bloque I: Historia					
b c d l m	B1.1. A Ilustración e a revolución científica. O alcance das novas correntes do pensamento en España e Galicia.	B1.1. Coñecer o alcance da Ilustración como novo movemento cultural e social en Europa e en América.	B1.1.1. Analiza a obra de autores clave do inicio da Idade Contemporánea e a súa influencia cultural, social, política e económica.	CSC CAA CCEC	PROBAS ESCRITAS Rúbrica xeral Test
			B1.1.2. Valora o alcance da Ilustración e da revolución científica dos séculos XVII e XVIII.		
			B1.1.3. Manifesta unha actitude crítica e de rexeitamento ante as manifestacións culturais que supoñan discriminación de calquera tipo.		
c e f j	B1.2. O século XVIII: as revolucións burguesas e a crise do Antigo Réxime.	B1.2. Comprender o inicio da Idade Contemporánea desde unha perspectiva social, política e económica.	1.2.1. Narra de feito sintético os principais feitos das revolucións burguesas do século XVIII, dando explicacións lóxicas e valorando vantaxes e inconvenientes	CSC CAA CCL	Ídem

	B1.3. Do Imperio Napoleónico á época da Restauración.	B1.3. Analizar as dificultades da diplomacia europea e o alcance dos conflitos durante a época napoleónica.	B1.3.1. Analiza as relacións entre reinos europeos que conduciron ás guerras.	CSC CCL	
C E f	B1.4. Os Borbóns en España. Da Guerra de Sucesión á Guerra da Independencia. Galicia no século XVIII.	B1.4. Explicar, a través do caso español, os intentos de adaptación do Antigo Réxime e o mantemento do poder por parte dos monarcas europeos na época da Ilustración.	B1.4.1. Distingue as características de réximes monárquicos autoritarios, parlamentarios e absolutos.	CSC CAA	Ídem
C E I j	B1.5. A Revolución Industrial.	B1.5. Describir os feitos relevantes da Revolución Industrial, tendo en conta o seu encadeamento causal e o tipo de progreso que implica, e analizar os conseguintes cambios económicos en España e Galicia.	B1.5.1. Analiza a evolución da industrialización en España e en diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas. B1.5.2. Compara o proceso da Revolución Industrial en Inglaterra co doutros países. B1.5.3. Valora a industrialización en España e Galicia e a súa repercusión política e económica.	CSC CMCCT CSC CMCCT CSC CMCCT	Ídem

			B1.5.4. Detecta e expón de maneira sintética os beneficios e inconvenientes que xerou a Revolución Industrial tendo en conta a situación laboral dos sectores máis desfavorecidos.	CSC CAA	
C F i	B1.6. Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: liberalismo e nacionalismo. Alcance dos procesos revolucionarios en España e Galicia.	B1.6. Comprender o alcance e as limitacións dos procesos revolucionarios dos séculos XVIII e XIX.	B1.6.1. Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron.	CSC CAA CCL	Ídem
			B1.6.2. Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as.	CSC CAA CCL	
C I L m	B1.7. Avances científicos e tecnolóxicos no século XIX. A arte.	B1.7. Valorar os movementos culturais e os principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX, consecuencia das revolucións industriais.	1.7.1. Elabora un eixe cronolóxico cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX.	CSC CD CAA	Ídem
			B1.7.2. Compara movementos artísticos europeos e asiáticos.	CSC CCEC	
			B1.7.3. Comenta analiticamente diferentes tipos de obras de arte do século XIX.	CSC CCEC CCL	

B C D i	B1.8. A expansión imperialista. A conquista do mundo por parte das potencias industrializadas. España e Galicia durante o auge do colonialismo.	B1.8. Establecer xerarquías causais da evolución do imperialismo, identificando as potencias e a repartición de poder no mundo no último cuarto do século XIX e principios do XX.	B1.8.1. Razona a relación entre o imperialismo, a xeopolítica e as relacións económicas supranacionais.	CSC	Ídem
			B1.8.2. Establece interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914.	CAA CCL	
C D E i	B1.9. O mundo de 1914 a 1918. A Primeira Guerra Mundial. A Revolución Rusa.	B1.9. Explicar os aspectos fundamentais da Gran Guerra e a Revolución Rusa, as súas consecuencias, e as súas interconexións.	B1.9.1. Comprende os aspectos básicos da Primeira Guerra Mundial e a orixe do novo mapa político de Europa.	CSC	Ídem
			B1.9.2. Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade.	CAA CCL	
C D E i	B1.10. A época de Entreguerras: de 1919 coa 1939. Os felices anos 20. A crise de 1929. O auge dos fascismos.	B1.10. Comprender os acontecementos, feitos e procesos máis importantes do período de Entreguerras e analizar as causas do auge dos fascismos en Europa.	B1.10.1. Contrasta diferentes interpretacións de fontes históricas e historiográficas de distinta procedencia verbos dos procesos máis importantes do período de Entreguerras.	SC	
			B1.10.2. Contrasta a crise de 1929 con crises posteriores.	CAA CCL CMCCT	
			B1.10.3. Valora a loita da muller no movemento	CSC CAA	

			sufraxista.	CCL	
			B1.10.4. Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa.	CSC CD CAA CCL	
B C E ij	B1.11. A Segunda Guerra Mundial (1939- 1945).	B1.11. Coñecer os principais feitos da Segunda Guerra Mundial e o contexto en que se desenvolveu o Holocausto, así como as súas consecuencias.	B1.11.1. Narra dunha forma fundamentada as causas e consecuencias da Segunda Guerra Mundial a distintos niveis temporais e xeográficos.	CSC CCL CAA	Ídem
			B1.11.2. Interpreta as razóns da fin da Segunda Guerra Mundial a nivel europeo e mundial.		
			B1.11.3. Explica as fases do conflito coa axuda de mapas e outras representacións.	CSC CD CAA CCL	
			B1.11.4. Elabora un xuízo persoal do Holocausto e as súas consecuencias a partir de información procedente de diversas fontes.	CSC CCEC CD CCL	

B C D J	B1.12. O primeiro terzo do século XX en España e Galicia. II República e Guerra Civil.	B1.12. Coñecer as tensións que levaron en España á proclamación da II República e ao estoupido da Guerra Civil.	B1.12.1. Explica as principais reformas durante a II República española e reaccións a elas.	CSC CCL CAA	Ídem
			B1.12.2. Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional.		
Bloque II: Economía					
A E H I P	B2.1. Ingresos e gastos. Identificación e control..	B2.1. Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos e controlar o seu grao de	B2.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento.	CAA CD CMCCT	Ídem
			B2.1.2. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado.		
			B2.1.3. Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas.	CAA CD CMCCT	

A E H I P	B2.2. Xestión do orzamento. Obxectivos e prioridades.	B2.2. Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal, e relacionalas co benestar propio e social.	B2.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa de acordo coas decisións tomadas e coa marcha da actividade económica nacional.	CAA CSIEE	Ídem
A C F I P	B2.3. Planificación económico-financeira: necesidades económicas nas etapas da vida.	B2.3. Expresar unha actitude positiva cara ao aforro e empregar o aforro como medio para alcanzar diversos obxectivos.	B2.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto. B2.3.2. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento.	CAA CSC	
A C F I P	B2.4. Aforro e endebedamento. Os plans de pensións. B2.5. Risco e diversificación.	B2.4. Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade.	B2.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria. B2.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos	CCL CMCCT CCL CAA CD	Ídem

			telemáticos.		
			B2.4.3. Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas.	CAA CD	
			B2.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.	CCL CD CMCCT	
A I J p	B2.6. O diñeiro. B2.7. Contratos financeiros: contas e tarxetas de débito e crédito. B2.8. Relacións no	B2.4. Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos	B2.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria	CCL CMCCT	Ídem

	mercado financeiro: información e negociación. B2.9. Implicacións dos contratos financeiros. Dereitos e responsabilidades dos/das consumidores/as no mercado financeiro	de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade	B2.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos.	CCL CAA CD	
			B2.4.3. Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas.	CAA CD	
			B2.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.	CCL CD CMCCT	
A C I p	B2.10. O seguro como medio para a cobertura de riscos. Tipoloxía de seguros.	B2.5. Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade.	B2.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida.	CAA CCL CMCCT	Ídem

UNIDADE 1: Planificación económico-financiera. Os orzamentos.

Ao longo da nosa vida teremos que tomar algunhas decisións que supoñan empregar unha cantidade de cartos importante, como estudar un máster ou mercar un coche. Para isto, teremos que aforrar, e unha ferramenta de grande utilidade para conseguilo é o orzamento, que nos permitirá planificar os nosos ingresos e gastos, axudándonos a controlar a nosa capacidade de aforro.

Saber calcular e controlar os nosos ingresos e gastos é útil de cara ás nosas decisións económicas máis importantes, pero tamén no noso día día, xa que nos axuda a saber se chegaremos a fin de mes co noso soldo ou se imos necesitar un plan de pensións privado para manter o noso nivel de vida tras a xubilación.

Orientacións para a programación temporal

Proponse como programación temporal de contidos para o estudo desta unidade tres semanas, nas cales se irán intercalando a explicación teórica de contidos e o desenvolvemento de actividades correspondentes a cada punto.

- **Primeira semana:** O orzamento. Partes e elaboración. Actividades.
- **Segunda semana e terceira semana:** Necesidades económicas ao longo das etapas da vida. Actividades. Aforro e endebedamento. Actividades. Repaso e dúbidas.

UNIDADE 2: O diñeiro. O mercado financeiro.

O feito de que poidamos entregar moedas e billetes a cambio dunhas zapatillas ou dunha entrada para o cine é esencial para que os mercados poidan funcionar con axilidade. Ademais, grazas a isto podemos usar o diñeiro para comparar o valor das cousas ou para aforrar de cara ao futuro.

Pero na actualidade hai formas de diñeiro distintas dos billetes e das moedas, coma o saldo das nosas contas correntes ou as tarxetas de crédito. Estas novas formas de diñeiro, cada vez máis utilizadas, funcionan a través das entidades financeiras, polo que temos que afacernos a xestionar as nosas relacións con eles para coñecer os nosos dereitos e obrigas fronte a eles.

Estudaremos tamén a importancia do seguro como medio para a cobertura de riscos e identificaremos os diferentes tipos que podemos contratar.

Orientacións para a programación temporal

A orientación para a programación temporal da unidade será de tres semanas, combinando as explicacións teóricas dos contidos co desenvolvemento das actividades.

- **Primeira semana.** Explicaranse os contidos pertencentes ao punto 1. *O diñeiro* e faranse actividades.
- **Segunda semana.** Estudaranse os contidos do punto 2. O mercado financeiro e o punto 3. *Os contratos de seguro* coas súas correspondentes actividades .
- **Terceira semana.** Desenvolveranse as actividades pendentes e as complementarias. Resolveranse todo tipo de dúbidas.

UNIDADE 3: Séculos XVIII-XIX. A Ilustración. As revolucións burguesas. O Imperio napoleónico. Os Borbóns en España. A Revolución industrial.:

Nesta unidade imos traballar, en primeiro lugar e como característica da idade contemporánea, o fenómeno cultural, social económico e político da Ilustración, destacando o papel da razón e da crítica. Isto, á súa vez, levaranos a traballar cos trazos básicos do Antigo Réxime, o sistema político, social e económico imperante no século XVIII, que pasará do absolutismo ao despotismo ilustrado, sistema de goberno polo que os monarcas absolutos tentaban mellorar a condición dos seus súbditos buscando a súa felicidade, así como o que supón de ruptura con este sistema, é dicir, as revolucións liberais burguesas, o Imperio Napoleónico e a repercusión que terá en España.

No aspecto social e económico, traballaremos a Revolución Industrial, as súas causas e consecuencias en Inglaterra, berce da mesma, e a repercusión en forma de industrialización que terá no resto de Europa e en España en particular.

Orientacións para a programación temporal

Nesta unidade didáctica traballaremos a materia entre 10 e 13 sesións, distribuída da seguinte forma:

- A Ilustración: 2 sesións.
- O século XVIII: Revolucións burguesas e crise do Antigo Réxime: 3 sesións.

- Nacionalismo e liberalismo: 1 sesión .
- Os Borbóns en España: Da Guerra de Sucesión á Guerra da Independencia: 4 sesións.
- A Revolución Industrial e a industrialización: 3 sesións

UNIDADE 4: O século XIX. Imperialismo, I Guerra Mundial. A Revolución rusa. A época de entreguerras. Os fascismos. A II Guerra Mundial. A II República e a Guerra Civil

Nesta unidade imos traballar un período da historia contemporánea que, non por tempo pero si por intensidade, constitúe un dos períodos máis importantes. Estudaremos desde a "carreira" imperialista, cuxas consecuencias desembocarán na Primeira Guerra Mundial, ata o ascenso dos fascismos -que farán o propio na Segunda Guerra Mundial-, pasando polo establecemento dun novo sistema económico. Veremos o comunismo da Revolución rusa, (enfrentado na Guerra Fría e coincidindo cun dos cambios máis profundos na historia de España), a guerra civil española e o inmediato establecemento dunha longa e dura ditadura.

Orientacións para a programación temporal .

Nesta unidade didáctica traballaremos a materia entre 10 e 13 sesións, distribuída da seguinte forma:

- O imperialismo: 2 sesións.
- I Guerra Mundial: Causas e consecuencias. Revolución rusa: 3 sesións.
- Entreguerras (1919-1939): Crac do 29. Ascenso dos fascismos: 1 sesión.
- II Guerra Mundial (1939-1945): 4 sesións.
- A guerra civil española (1936-1939): 3 sesións
 - Causas e consecuencias.
 - Relacións na posguerra co resto do mundo.

Contidos Módulo 4:

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave	Procedementos e instrumentos
BLOQUE 1: A HISTORIA					
e g h i	B1.1. A existencia dun mundo bipolar. A Guerra Fría.	B1.1. Analizar as relacións entre o bloque de EUA e a URSS para comprender o concepto da Guerra Fría.	B1.1.1. Interpreta a evolución dos EUA e da URSS e os seus aliados a partir de fontes literarias e audiovisuais.	CSC CAA CCL	PROBAS ESCRITAS Rúbrica xerla Test
			B1.1.2. Utiliza fontes históricas e historiográficas para comprender e explicar conflitos da época da guerra fría.	CSC CAA	Ídem
b d h i	B1.2. O proceso de descolonización.	B1.2. Organizar os feitos máis importantes da descolonización de posguerra no século XX e comprender os límites da descolonización e da independencia nun mundo desigual.	B1.2.1. Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador.	CSC CCL	Ídem
			B1.2.2. Distingue contextos diferentes do mesmo proceso. Por exemplo: África subsahariana (anos 50 e 60) e a India.	CSC CAA	Ídem
	B1.3. A evolución das grandes potencias: URSS e EUA: sociedade, política, económica e cultura.	B1.3. Contrastar as vantaxes e inconvenientes da evolución económica, política, social e cultural dos grandes bloques políticos do século XX e as consecuencias inmediatas e posteriores.	B1.3.1. Relaciona a organización política coa evolución social, económica e cultural dos dous grandes sistemas socioeconómicos de finais do século XX.	CSC CCL	Ídem

			B1.3.2. Desenvolve unha actitude crítica ante os diferentes enfoques dun mesmo feito histórico, analizando e contrastando as fontes de información.	CSC CAA	Ídem
			B1.3.3. Sopesa as consecuencias positivas e os problemas que xeran as diferentes posturas para tomar decisións políticas e económicas.	CSC CAA CCL	Ídem

cdghin

B1.4. A ditadura de Franco e a transición política de España cara á democracia.

B1.4.1. Analizar o establecemento da ditadura en España, a súa evolución e consecuencias.

B1.4.2. Coñecer os principais feitos que conduciron ao cambio político e social na España despois de 1975, e sopesar distintas interpretacións sobre ese proceso.

B1.4.1. Coñece o proceso que conduciu da Guerra Civil á ditadura.

B1.4.2. Describe a situación da posguerra durante a ditadura española na relación con outros contextos similares.

B1.4.3. Axuíza as consecuencias do réxime ditatorial en España no século XX.

B1.4.4. Elabora unha cronoloxía de acontecementos fundamentais da transición española.

B1.4.5. Valora os acertos do proceso de democratización en España.

B1.4.6. Analiza feitos e acontecementos conflictivos na España democrática.

CSC CAA
CCL

CSC CAA

CAA CCL

CSC CCL

CSC CAA

Ídem

Ídem

Ídem

Ídem

Ídem

e g h i	B1.5. O mundo recente entre os séculos XX e XXI. A globalización. A revolución tecnolóxica. Consecuencias.	B1.5. Definir a globalización e identificar algúns dos seus factores. Identificar algúns dos cambios fundamentais que supón a revolución tecnolóxica. Consecuencias.	B1.5.1. Busca na prensa novas sobre algún sector con relacións globalizadas e elabora argumentos a prol e en contra.	CSC CD CCL CAA	Ídem
a d g h j	B1.6. Distintas formas económicas e sociais do capitalismo no mundo.	B1.6. Interpretar procesos a medio prazo de cambios económicos, sociais e políticos a nivel mundial.	B1.6.1. Interpreta o renacemento e declive das nacións no novo mapa político europeo da época. B1.6.2. Comprende os pros e contras do estado de benestar.	CSC CAA CSC	Ídem Ídem
a c d g i j	B1.7. O derrubamento dos réximes soviéticos e as súas consecuencias.	B1.7. Coñecer as causas e consecuencias inmediatas do colapso da URSS e outros réximes socialistas.	B1.7.2. Analiza os aspectos políticos, económicos e culturais despois dos cambios producidos polo colapso da URSS.	CSC CAA CCL	Ídem
	B1.8. A constitución da Unión Europea.	B1.8. Describir a evolución da construción da Unión Europea.	B1.8.1. Comprende as causas da constitución da Unión Europea. B1.8.2. Discute sobre a situación actual da Unión Europea e o seu futuro.	CSC CCL CAA CSC CCL	Ídem Ídem

Bloque 2: Iniciación á actividade emprendedora e empresarial

a f i p	B2.1. Autonomía e autocoidadamento. A iniciativa emprendedora e o/a empresario/a na sociedade. B2.2. Intereses, aptitudes e motivacións persoais para a carreira profesional.	B2.1. Describir as calidades persoais e as destrezas asociadas á iniciativa emprendedora, analizando os requisitos de distintos postos de traballo e actividades empresariais.	B2.1.1. Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social.	CSIEE CAA	Ídem
------------------	--	--	---	-----------	------

a e f i p	B2.3. Itinerarios formativos e carreiras profesionais. Proceso de procura de emprego en empresas do sector. Autoemprego. Proceso de toma de decisións sobre o itinerario persoal.	B2.2. Tomar decisións sobre o itinerario vital propio comprendendo as posibilidades de emprego, o autoemprego e a carreira profesional en relación coas habilidades persoais e as alternativas de formación e aprendizaxe ao longo da vida.	B2.1.2. Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desempeño profesional en cada un deles.	CD CAA CSIEE	Ídem
			B2.2.1. Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida.	CAA CSIEE	Ídem
			B2.2.2. Desenvolve habilidades sociais e actúa de acordo con actitudes e valores democráticos.		
			B2.2.3. Fórmase para mellorar o seu benestar individual e contribuír á cohesión social.		
a c i p	B2.4. Dereito do traballo. B2.5. Dereitos e deberes derivados da relación laboral. B2.6. Contrato de traballo e negociación colectiva. B2.7. Seguridade Social. Sistema de protección. Emprego e desemprego. B2.8.	B2.3. Actuar como futuro/a traballador/a responsable coñecendo os seus dereitos e deberes como tal, valorando a acción do Estado e da Seguridade Social na protección da persoa empregada, e comprendendo a necesidade de protección dos riscos laborais.	B2.3.1. Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo. B2.3.2. Distingue os dereitos e as obrigas que derivan das relacións laborais, e compróboas en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva.	CSC CSIEE CSC CSIEE CMCCT	Ídem Ídem

<p>Protección do/da traballador/a e beneficios sociais.</p> <p>B2.9. Riscos laborais. Normas. Planificación da protección na empresa.</p>	<p>B2.3.3. Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as contingencias cubertas.</p>	<p>CCL CSC CSIEE</p>	<p>Ídem</p>
	<p>B2.3.4. Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano.</p>	<p>CSIEE CAA CMCCT</p>	<p>Ídem</p>

UNIDADE 5: A Guerra Fría e o proceso de descolonización. Evolución das grandes potencias. A Ditadura de Franco e a Transición.

Nesta unidade imos traballar un período da historia contemporánea que determinou os tempos que tocan vivir na actualidade, tanto polas tensións que se crearon como polo propio desenvolvemento desas tensións. Estudaremos a chamada "Guerra Fría", que en certos momentos mantivo en vilo á humanidade por mor do enfrontamento nese tempo das dúas grandes potencias, o proceso de "descolonización", que desembocará en conflitos tribais, socioculturais e económicos nos países do terceiro mundo, así como a evolución das aludidas grandes potencias a costa dese denominado terceiro mundo. Dentro de España e de Galicia, estudaremos o desenvolvemento dunha longa ditadura e a "Transición" cara a unha democracia en constante proceso de evolución.

Orientacións para a programación temporal .

Nesta unidade didáctica traballaremos a materia, entre 10 e 13 sesións, distribuída da seguinte forma:

- A Guerra Fría (1948-1991): 3 sesións.
- A descolonización (1945-1975): 2 sesións.
- Evolución das grandes potencias: 2 sesións.
- Ditadura de Franco e Transición (1939-1975/1975-1978): 4 sesións.

UNIDADE 6: O mundo actual. A globalización. A Unión Europea

Nesta unidade introducirémonos no mundo actual. Desde o afundimento da URSS, desapareceron os "bloques" e iso deu lugar á aparición dunha nova era nas relacións internacionais. Estados Unidos confirmouse como a única superpotencia e o capitalismo impúxose como único modelo económico. Exporemos a fin do mundo bipolar, coa desintegración da URSS e a proclamación dos EUA como única superpotencia, e a súa evolución cara a un mundo multipolar. Explicaremos a situación de Europa tras a caída do muro de Berlín e o desenvolvemento da Unión Europea.

Analizaremos a crise do 2008 como crise do modelo de benestar e as súas consecuencias. Observaremos que unha das características fundamentais do mundo actual é a súa inestabilidade, que se fai evidente a través das guerras e conflitos abertos en diferentes escenarios do mundo, o terrorismo islamita e o problema dos desprazados e dos refuxiados, entre outros.

Para facilitar a aprendizaxe de todo isto servirémonos de mapas, gráficos, textos e imaxes, tamén da procura de información en distintos medios e da realización de diversas actividades. Algunhas delas basearanse na relación entre o pasado e o presente, para que o alumnado tire as súas propias conclusións e comprobe que hai entre eles unha relación causal.

Definiremos o concepto de globalización e analizaremos as súas repercusións en diferentes ámbitos. Exporemos a revolución tecnolóxica como condición de posibilidade da globalización e identificaremos as súas consecuencias, unha delas na concepción da arte actual. Finalmente, describiremos os riscos ambientais aos que nos enfrontamos e valoraremos a necesidade dun desenvolvemento sostible.

Na actualidade, as diferenzas mídense polos recursos económicos e sociais que posúen os diversos territorios do planeta, conferíndolles, en base a estas diferenzas, un papel ou outro no panorama internacional. Existe, polo tanto, unha fronteira imaxinaria e outra real que divide o mundo nun Norte e nun Sur. O primeiro vén caracterizado pola riqueza, o benestar e os recursos; o segundo, pola escaseza e a necesidade. Veremos, pois, que para que exista o primeiro, é preciso que haxa o segundo.

Orientacións para a programación temporal

Nesta unidade didáctica traballaremos a materia en dez sesións e distribuíremola da seguinte forma:

- O mundo actual: 4 sesións.
- A globalización: 4 sesións.
- A Unión Europea: 2 sesións.

UNIDADE 7: Iniciación á actividade emprendedora e empresarial.

Cal é o perfil da persoa emprendedora? Canto diñeiro necesita unha persoa para emprender? Que apoios ten á hora de decidir o seu negocio? Cal é o salario dunha persoa emprendedora? Cales son as vantaxes e os inconvenientes de emprender? Cal é o principal obstáculo á hora de emprender?

En primeiro lugar preguntáronos estas cuestións se decidimos botar a andar un negocio. Ao longo desta unidade iremos dando solución a estas preguntas para estudar cales son as calidades que debe posuír a persoa emprendedora. Tamén veremos os problemas aos que terá que enfrontarse e a importancia do autoconhecimento e da autonomía persoal como requisitos necesarios para ser unha persoa emprendedora.

En segundo lugar, veremos cales son os itinerarios formativos que unha persoa pode seguir para formarse e prepararse na vida e nos estudos; así poderá tomar a decisión máis axeitada entre as distintas opcións.

Finalmente, desenvolveremos o proceso de procura de emprego en varias empresas e visitaremos diferentes portais de emprego.

Orientacións para a programación temporal

En canto á programación da unidade, dedicaráselle catro semanas, tempo suficiente para estudar os contidos e acadar os obxectivos previstos.

- **Primeira semana:** Autonomía e *autoconhecimento*. A iniciativa emprendedora e o empresario/a na sociedade. Resolución e corrección de actividades .
- **Segunda semana:** Intereses, aptitudes e motivacións persoais para a carreira profesional. Itinerarios formativos. Resolución e corrección de actividades.
- **Terceira semana:** O *autoemprego*. A procura de emprego. A toma de decisións sobre o itinerario persoal. Resolución e corrección de actividades.
- **Cuarta semana:** Actividades complementarias. Dúbdas e repaso de contidos.
-

UNIDADE 8: Mercado de traballo. Relación laboral. Dereitos e deberes

Todos e cada un de nós, terá algunha vez na súa vida algún contacto co mercado de traballo, xa que para gañar a vida hai que traballar. No mercado de traballo intercámbiase traballo entre traballador e empresario a cambio dun salario. Este intercambio materialízase a través dun contrato de traballo.

Como traballadores imos ter uns dereitos e uns deberes que cumprir, ao igual que o empresario. Así mesmo, veremos a protección do traballador, os beneficios sociais e os riscos laborais.

Farase especial fincapé no desemprego coma unha característica particular do mercado de traballo, tan presente nos tempos actuais. Tamén nos centraremos nas medidas para intentar reduci-lo, así como nas recomendacións que debemos seguir para evitar caer nesta situación.

Orientacións para a programación temporal

Debido á importancia desta unidade e por ser unha situación que afecta a moito do noso alumnado, dedicaremoslle catro semanas ao estudo dos seus contidos.

É recomendable ir facendo as actividades a medida que se van explicando os contidos teóricos.

- **Primeira semana:** Dereito do traballo. Contrato de traballo. Nómina. Actividades propostas.
- **Segunda semana:** Negociación colectiva. Convenio colectivo. Seguridade Social. Actividades.
- **Terceira semana:** Protección dos traballadores. Riscos laborais. Actividades.
- **Cuarta semana:** Repaso de contidos. Actividades complementarias.

Metodoloxía

Para analizar a metodoloxía vaise a partir das seguintes premisas:

- Partir dos coñecementos previos do alumnado e construír paulatinamente os novos contidos a través de actividades de adquisición, repaso e reforzo.
- Relacionar os contidos curriculares coa vida cotiá próxima ao alumnado co obxectivo de crear interese e motivación.
- Desenvolver a reflexión e o espírito crítico para fomentar a capacidade de razoamento e as iniciativas persoais.
- Crear un clima escolar de aceptación mutua e de cooperación.
- Proporcionar os medios necesarios para acadar unha atención individualizada, desenvolvendo as medidas de reforzo, agrupamento e adaptacións curriculares que sexan precisas.
- Diversificar os instrumentos de avaliación e potenciar o seu carácter formativo.
- Favorecer a reflexión e a intuición para conseguir que o alumnado teña unha iniciativa investigadora.
- Potenciar a lectura e a busca de información e tratamento da información como fonte de coñecemento e entretemento.
- Fomentar habilidades no alumnado para que sexa capaz de continuar a aprendizaxe de forma autónoma.
- Potenciar as metodoloxías activas e participativas, combinando o traballo individual e o cooperativo.
- Potenciar a aprendizaxe por proxectos.
- Facer un uso habitual das TIC.
- Recalcar o papel do profesorado como un medio motivador para que o alumnado teña unha actitude favorable cara os contidos da materia.

Os contidos da área presentaranse organizados en conxuntos temáticos de carácter analítico e disciplinar, que aparecen denominados como bloques.

A Xeografía e Historia permite desenvolver unha metodoloxía que compare o inmediato e o afastado, o propio e o alleo, o máis concreto e o máis abstracto, xustificando así a importancia que no currículo debe concederse aos aspectos da Xeografía, a Historia, e a cultura de Galicia. Non se pode esquecer, á hora de introducir contidos metodolóxicos, a importancia de saber interpretar fontes de diversa tipoloxía, a comprensión da causalidade múltiple e a intencionalidade na interpretación dos procesos, o uso axeitado da información e o manexo da documentación.

A finalidade destas materias concrétase en dar unha visión global do mundo e un conxunto de valores para que o alumnado adopten unha actitude ética e comprometida dentro dunha sociedade plural e solidaria. O alumnado tense que implicar na aprendizaxe e ten que adquirir as habilidades que lle permitan construír os seus propios esquemas explicativos para comprender o mundo no que vive, construír a súa identidade persoal, interactuar en situacións variadas e continuar aprendendo. Na nosa práctica docente empregaremos os recursos didácticos necesarios que permitan desenvolver os contidos das materias de Xeografía e Historia (como compoñentes das competencias básicas) e, deste xeito, poder alcanzar os obxectivos en cada materia.

MATERIAIS E RECURSOS

Na ESA utilízase o material que para este ámbito ten colgado a Xunta no seu portal educativo. Tamén é importante a utilización de prensa, e o IES dispón dunha completa biblioteca, que conta con varios periódicos diarios e semanais; cunha ampla colección de documentais e numerosas películas.

Como todas as aulas contan con pizarra dixital, utilizaranse todos os medios tecnolóxicos que fan posibles a creación de materiais didácticos. Estas ferramentas ou materiais permiten ao profesor a xeración de dicionarios dixitais, biografías interactivas, o uso de blogs educativos e a publicación de documentos en bibliotecas dixitais, é dicir, a creación de contidos e información complementaria ao material didáctico.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

Procedementos de avaliación.

A avaliación é un proceso que se basea na observación sistemática da evolución do alumnado e do seu traballo na aula, e nas probas que se lle mandan. Esta combina aspectos moi diversos da práctica educativa como: o crecemento intelectual, o a comprensión e uso correcto de conceptos, o dominio dun pensamento lóxico, o uso correcto do idioma, o desenvolvemento persoal e social, o afondamento no coñecemento da sociedade actual a través do pasado máis recente e máis arredado, etc.

Criterios de Avaliación.

Os instrumentos de avaliación empregados polo docente concrétanse en actividades a realizar polo alumnado: resposta a preguntas, presentación orais, resolución de exercicios, busca de información, debates, etc.

O profesorado dará ó alumnado as instrucións para realizar cada unha das actividades, pero todas elas, tanto exames como intervencións orais, tanto traballos escritos na libreta como entregados aparte, serán valoradas seguindo uns criterios de cualificación que explicamos a continuación:

Corrección: para que unha actividade sexa correcta, teñen que darse unha serie de condicións:

Adecuación: a actividade ocúpase do asunto que se pregunta e non outro calquera.

Coherencia: na argumentación non hai contradicións.

Claridade: as explicacións son facilmente intelixibles (non son "escuras").

Distinción: os conceptos empregados están definidos (non son "confusos").

Actividade completa: significa que a actividade é desenvolvida esgotando, na medida do posible, o asunto do que trata. A actividade completa maniféstase no emprego de tódolos conceptos relacionados co asunto.

Boa presentación: significa que o resultado final da actividade ten calidade estilística. A boa presentación maniféstase no coidado do material impreso, da ortografía e a dicción.

Autonomía: significa que a actividade é realizada por un mesmo. A autonomía maniféstase no uso dunha linguaxe propia, na reflexión sincera e no emprego de exemplos orixinais.

Adicación: significa que o alumnado tentou superar as súas dificultades sen escatimar tempo e esforzo para que o resultado sexa satisfactorio.

Pertinencia: significa que as intervencións van dirixidas a realizar as actividades e non a obstaculizalas.

Respecto: significa que a palabra dos outros compañeiros e do profesor é escoitada de forma activa, e que a súa postura é valorada.

Colaboración: significa que nas actividades de grupo o resultado colectivo prima sobre as inclinacións individuais.

Puntualidade: significa que se respectan os tempos establecidos para as actividades. A puntualidade maniféstase na asistencia ás aulas, no remate das actividades e na entrega dos traballos.

Criterios de cualificación.

Para poder realizar isto, o profesorado que se faga responsable da materia decidirá para cada actividade cales son os criterios relevantes a ter en conta. Por exemplo, nunha exposición oral son relevantes a corrección, completar todos os elementos, presentación e autonomía. Nunha busca de información en grupo, en cambio, a colaboración e o respecto poden ser tamén relevantes, namentres poden non selo a realización completa de todos os elementos e a presentación. Unha vez determinados os criterios relevantes o docente poderá empregar a seguinte rúbricas, listas de cotexo ou diferentes listaxes de corrección que considere oportuno segundo as necesidades.

As rúbricas aparecerán como anexo a programación, xa que están vinculadas con todas as materias do Departamento de Xeografía e Historia, pero maniféstase de forma xenérica para a cualificación das actividades. Seguirase o seguinte criterio:

CUALIFICACIÓN	SIGNIFICADO	VALOR DA NOTA
MM	Moi mal: a actividade non foi realizada ou foino de modo que non satisfai ningún criterio.	0%
M	Mal: a actividade foi realizada de modo que satisfai de modo insuficiente os criterios de cualificación.	25%
R	Regular: a actividade foi realizada de modo que satisfai de modo suficiente os criterios de cualificación.	50%
B	Ben: a actividade foi realizada de modo que satisfai de modo notable os criterios de cualificación.	75%
MB	Moi ben: a actividade foi realizada de modo que satisfai de modo excelente os criterios de cualificación.	100%

Os catro derradeiros criterios do listado de metodoloxía –adicación, pertinencia, respecto e colaboración- non se refiren ó contido das actividades, senón á actitude que as favorece. A ponderación destes criterios actitudinais consistirá na adición de decimais para o redondeo

da cualificación da avaliación acadando o enteiro superior (por exemplo, un alumnado que ten un 6.3 como resultado da avaliación engadida, poderá acadar un 7 en función de se foi cualificado positivamente atendendo a estes criterios).

Con carácter xeral, a **cualificación final do módulo** será a media das avaliacións parciais (empregando a nota numérica exacta, non a que aparece no boletín), acadando o enteiro superior ou inferior por redondeo en función de se se acadan as 60 centésimas ou non respectivamente. O docente poderá valorar os criterios actitudinais de modo que a súa cualificación permita o redondeo da cualificación de avaliación no enteiro superior, tal como se especificou máis arriba. De modo extraordinario, un alumno/a poderá acadar unha cualificación superior á media aritmética correspondente cando a súa progresión durante o curso sexa tan intensa que acade un grao de aprendizaxe dos estándares moi superior ao realizado nas primeiras avaliacións.

No proceso de avaliación empregáronse diversos instrumentos co fin de obter unha panorámica o máis ampla posible sobre o desenvolvemento das competencias do alumnado. Estes instrumentos serán valorados cun peso porcentual na nota (10%) de cada avaliación. Un lugar importante entre os instrumentos para a avaliación da aprendizaxe do alumnado son os distintos tipos de probas orais e escritas (probas obxectivas, desenrolo de temas, exercicios de aplicación...).

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Os criterios de cualificación que se van empregar para un **proceso de ensinanza-aprendizaxe presencial** quedan do seguinte xeito:

- **80%** para as probas de avaliación escritas
- **20%** para o traballo de avaliación continua, que inclúe aquelas actividades de aula

No caso de que o **proceso de ensinanza-aprendizaxe pase a ser a distancia**, os criterios de cualificación vense modificados no que se refire ao traballo de avaliación continúa, establecéndose o seguinte:

- Tódalas actividades propostas pasan a ponderar o 100% da nota

No caso de que o **proceso de ensinanza-aprendizaxe pase a ser semipresencial**, os criterios de cualificación, se os períodos de ausencia non son o suficientemente graves como para alterar un relativamente normal desenvolvemento das sesións manteríanse os criterios presenciais; no caso en que os períodos de ausencia non alterasen considerablemente o desenvolvemento das sesións, os criterios a seguir son os dun proceso de ensinanza-aprendizaxe a distancia.

Todas as probas van ser valoradas de 0 a 10 puntos, e farase unha media coas notas a través dos porcentaxes establecidos na táboa anterior. Por conseguinte, a cualificación de cada avaliación vai ser a **suma dos porcentaxes** anteriores, tendo o **5** como a nota establecida para o aprobado. Para poder recuperar a módulo vai existir unha proba de **recuperación**, que será realizada na seguinte avaliación. No caso de recuperar a materia a nota será un cinco, e será a nota que se tomará de referencia para a cualificación da avaliación ordinaria.

Avaliación ordinaria.

A nota final ordinaria de cada modulo será a **media aritmética** das probas (80%) e do traballo, actividades, fichas, etc. (20%). Entenderase a materia como superada cando a nota sexa igual ou superior a 5. En caso de non ter superadas cada un dos módulos ó final do curso, o departamento, para facilitar o aprobado, propón un exame final (non obrigatorio) sempre que o alumnado fixera tódolos exames parciais, as recuperacións, assistira regularmente a clase e tivera unha actitude positiva.

Avaliación extraordinaria.

No caso de non superar a materia na avaliación ordinaria, o alumnado poderá presentarse a unha proba extraordinaria a realizar no mes de **maio** para o **módulo III** e de **xuño** para o **módulo IV**, segundo as datas propostas pola dirección do centro. Esta proba será unha proba escrita seguindo o modelo de exame de realizado ó longo do curso, e supón o 100% da nota. É dicir, só se terá en conta ó exame.

Outras puntualizacións respecto da cualificación son as seguintes:

- O exame, ou exames, puntuarán sobre 10 puntos e o alumnado deberá obter como nota mínima para poder facer media **2.5 puntos**. Cando a nota (ben do exame, ben nota media) sexa inferior, pérdese o dereito a sumar a avaliación continua, polo que a avaliación considerárase suspensa.
- **Para establecer a nota final do módulo**, farase a **media aritmética** (tomando a cualificación exacta rexistrada na libreta do profesor; non a nota do boletín) entre a 1ª avaliación parcial do módulo e a nota obtida durante a 2ª avaliación do módulo.
- **Para establecer o redondeo** e poder cualificar con números enteiros no boletín, a **fronteira de decimais establécese en 0.60 decimais**: a partir desa cifra, redondéase cara a unidade superior, e por debaixo cara a unidade inferior. Esta regra ten a súa excepción á hora de considerar a materia superada xa que **é imprescindible acadar un mínimo de 5 puntos no sumatorio** entre a ponderación das probas e o traballo de avaliación continua.
- Aquel alumnado que suspenda a 1ª avaliación nalgún dos módulos poderá presentarse a unha proba de recuperación a realizar no inicio da 2ª avaliación; esta proba será obrigatoria cando a nota obtida sexa inferior a 2.5 puntos co obxecto de poder facer media coas notas da 2ª avaliación, ou opcional cando a nota obtida sexa superior a 2.5 puntos á espera de facer media coas notas obtidas na avaliación seguinte.
- Ao final da 2ª avaliación haberá unha proba de recuperación para quen non supere os contidos desa avaliación; igual que no caso anterior, esta proba será obrigatoria cando a nota obtida sexa inferior a 2.5 puntos co obxecto de poder facer media entre avaliacións, e opcional se a nota é superior e a media aritmética resultante entre avaliacións supera os 5 puntos, mínimo exixido para superar o módulo.
- As probas de recuperación ordinarias ás que se fai referencia nos dous puntos anteriores ponderan o 100% da nota, sen que se teña en conta a cualificación da avaliación ordinaria. É dicir, a nota obtida na proba é a nota que se toma para facer as medias correspondentes.

- Os módulos III e IV son módulos independentes polo que será necesario superar a nota mínima de 5 puntos en ambos módulos para que se consideren superados.
- **Ter superado o módulo III é condición indispensable para poder superar o módulo IV.** Así, aquel alumno ou alumna que en febreiro este suspenso, pode continuar os estudos do módulo IV, pero debe superar a proba de avaliación extraordinaria que se realiza no mes de maio nas datas oficiais propostas pola Dirección do centro. No caso de non superar esta proba perderá todos os dereitos de avaliación do módulo IV.
- O alumnado que non supere o módulo IV na avaliación final ordinaria poderá presentarse a una proba de avaliación extraordinaria que se realiza en xuño nas datas oficiais propostas pola Dirección do Centro.
- O alumnado que por faltas de asistencia perda o dereito a avaliación continua ten dereito a presentarse á proba de avaliación extraordinaria do módulo nas datas propostas pola Dirección do centro para cada un dos módulos, debendo superar unha proba de contidos de todo o currículo pertencente ao módulo.
- Todas as probas de avaliación extraordinarias ponderan o 100% da nota. É dicir, a nota obtida na proba, seguindo os criterios de redondeo establecidos anteriormente, convértese na nota final do módulo.
- O alumnado que non se presente a una proba avaliable tendo un xustificante oficial terá dereito a facer una nova proba; esta realizarase nos dous días seguintes á súa volta. No caso contrario, o alumno ou alumna perde o dereito de exame, e atendendo ao establecido anteriormente, suspende a avaliación final ordinaria, polo que queda convocado para a proba de avaliación extraordinaria.
- No caso de que alguén do alumnado non tivera feito algunha das probas de avaliación ao remate do módulo, e aínda que a súa ausencia estivese debidamente xustificada, a ausencia de notas de cualificación obriga a considerar o módulo non superado na avaliación ordinaria, polo que queda convocado para a proba de avaliación extraordinaria.

- A cualificación das probas e o traballo de avaliación continua obterase seguindo as rúbricas específicas que se engadiran na programación.
- O alumnado que sexa sorprendido copiando nun exame será sancionado co suspenso na avaliación.
- No que se refire especificamente ao aspecto lingüístico establécese que cada catro faltas ortográfica, morfosintáctica ou léxica descontarán 0,10 puntos na cualificación final dos exercicios ou exames.

As normas nos exames ou nas probas escritas serán as seguintes:

- Sobre a mesa unicamente se pode ter o necesario para facer o exame (bolígrafo azul ou negro como cores para escribir).
- Non se pode empregar calquera tipo de correctores.
- Durante o exame non se pode usar ningún elemento dixital (móviles, pulseira, reloxos intelixentes). A posesión deses elementos pode ser motivo de ser expulsado do exame, e terá como consecuencia unha nota de 0 puntos na proba.
- Cando un alumno/a sexa visto copiando requisaráselle o exame e deberá repetilo na avaliación de recuperación final de maio, perdendo o dereito a aprobar a avaliación correspondente. No caso de que cóllase ó alumnado copiando durante o exame de recuperación final de maio ou no da convocatoria extraordinaria considerarase suspenso, e recibirá unha cualificación de 0 puntos.
- Unha vez no exame o alumnado deberá esperar un mínimo de 20 minutos antes de abandonar o exame.
- O alumnado deberá ser moi escrupuloso coa puntualidade, xa que o seu incumprimento considerarase unha falta leve.
- Nos exames de avaliación é obrigatorio comezar a escribir na folla que entrega o profesor na que figuran os documentos presentados. O alumnado que comece nun folio a parte a súa proba non terá dereito a que se lle corrixa dita proba.
- A asistencia ás probas ten carácter obrigatorio, e a súa ausencia comporta un 0 na nota da proba. Para poder xustificar debe presentarse unha documentación oficial, e iso poderá xustificar a repetición da proba cando o docente o determine.

No caso dos traballos, composicións, liñas do tempo ou outros formatos deben ser entregados seguindo unha serie de criterios:

- Deben ser entregados dentro dos prazos establecidos. No caso de ser entregados con posterioridade considéranse como non entregados, e terán unha nota de 0 puntos.
- Actividades que presenten mostras de ser copiados ou plaxiados de compañeiros ou calquera outra fonte serán considerados como non validos, e terán unha nota de 0 puntos.
- As actividades deben seguir os criterios establecidos polo docente, e ter unha letra lexible e identificado correctamente. No caso de que non sigan estes criterios non serán corrixidos, e terán unha nota de 0 puntos.

Empregarase, como apoio ás corrección e o seguimento das actividades, diferentes rúbricas e rexistros, que aparecen no anexo do documento.

Criterios de promoción.

Para superar o ámbito social no **módulo III**, o alumnado debe acadar unha nota igual ou superior a 5 puntos; esta pode conseguirse superando a avaliación ordinaria do módulo en febreiro ou ben na proba que se realizará a modo de avaliación extraordinaria a finais de maio, segundo as datas establecidas pola dirección do Centro.

Para superar o **módulo IV**, o alumnado debe acadar unha nota igual ou superior a 5 puntos; esta pode conseguirse superando a avaliación final ordinaria en xuño, ou ben na proba que se realizará a modo de avaliación extraordinaria a finais do mes de xuño, segundo as datas propostas pola dirección do Centro.

Para establecer a cualificación do alumnado nas probas de avaliación extraordinaria, a nota obtida pondera o 100% da nota.

Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan tomar en función dos resultados.

Durante a dúas primeiras semanas de clase, faranse actividades de comprensión e expresión seleccionadas para comprobar en que medida se posúen as competencias necesarias para o seguimento da programación. Unha vez corrixidas as actividades o docente adecuará o nivel de esixencia dos estándares de aprendizaxe ó nivel de competencias rexistradas no alumnado. Así mesmo contará coa información pertinente para, unha vez contrastada cos outros membros da xunta de avaliación inicial, decidir que medidas ordinarias ou extraordinarias de atención á diversidade deberá aplicar.

Os instrumentos para realizar dita avaliación pode ser un ou varios dos seguintes:

- Observación sistemática.
- Entrevista oral.
- Cuestionario.
- Análise de producións escritas.
- Proba específica.

Avaliación do proceso de ensino e da practica docente.

Autoavaliación. Para avaliar o proceso de ensino-aprendizaxe o docente guiarase polos seguintes indicadores:

Dimensión	Indicadores	Si /Non/ Mellorar
Planificación	1. Programo a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.	
	2. Programo a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o desenvolvemento desta.	
	3. Selecciono e secuencia de forma progresiva os contidos da programación da aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos.	
	4. Programo actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.	
	5. Planifico as clases de modo flexible, preparo actividades e recursos axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.	
	6. Establezo os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos meus alumnos e alumnas.	
	7. Coordino a miña actividade co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á miña materia.	
Motivación do alumnado	1. Proporciono un plan de traballo ao principio de cada unidade.	
	2. Considero situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).	
	3. Relaciono as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.	
	4. Informo sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas.	
	5. Relaciono os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.	
	6. Estimulo a participación activa dos estudantes na clase.	
	7. Promovo a reflexión dos temas tratados.	
Desenvolvemento da ensinanza	1. Resumo as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...	

Dimensión	Indicadores	Si /Non/ Mellorar
	2. Cando introduzo conceptos novos, relaciónoos, se é posible, cos xa coñecidos; intercalo preguntas aclaratorias; poño exemplos...	
	3. Teño predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.	
	4. Optimizo o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.	
	5. Utilizo axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.	
	6. Promovo o traballo cooperativo e manteño unha comunicación fluída co alumnado.	
	7. Desenvolvo os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.	
	8. Presento actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.	
	9. Presento actividades de grupo e individuais.	
Seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe	1. Realizo a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel do alumnado.	
	2. Detecto os coñecementos previos de cada unidade didáctica.	
	3. Reviso, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.	
	4. Proporciono a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como poden melloralas.	
	5. Corrijo e explico de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e das alumnas, e dou pautas para a mellora das súas aprendizaxes.	
	6. Utilizo suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.	
	7. Favorezo os procesos de autoavaliación e coavaliación.	
	8. Propoño novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.	
	9. Propoño novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.	
	10. Utilizo diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, do nivel do alumnado, etc.	
	11. Emprego diferentes medios para informar dos resultados ao alumnado e aos pais.	

Avaliación por parte do alumnado.

ENQUISA A CUBRIR POR PARTE DO ALUMNADO. // GRUPO: _____

CUESTIONARIO SOBRE O DOCENTE

Instrucións:

- Valora as seguintes cuestións rodeando cun círculo a cifra de 1 a 10 que consideres axeitada.
- Procura matizar as respostas (valorar todas coa mesma nota non ten sentido).
- Este cuestionario é anónimo.

1. O profesor informou sobre a programación e os seus contidos e obxectivos	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
2. O profesor explica cada tema de forma ordenada e coherente	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
3. O profesor explicou todos os temas do período	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
4. O profesor explicou deténdose nos aspectos máis importantes	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
5. O profesor atendeu as preguntas do alumnado durante as clases	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
6. Os exames adaptáronse á materia explicada	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
7. As cualificacións axustáronse aos criterios establecidos previamente	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
8. O profesor atendeu as reclamacións do alumnado	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
9. O profesor mantivo unha boa actitude co alumnado	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
10. O profesor conseguiu crear un bo ambiente na clase	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
11. O profesor dedicou atención ó alumnado con dificultades	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
12. Foi correcto o reparto de puntos entre os exames e as outras notas?	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
13. Cres tes máis coñecementos ca ao comezo do curso?	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
14. Na túa opinión, que aspectos deberían ser mellorados ou corrixidos?										
15. Indica aqueles outros aspectos que che interese manifestar e non atopases recollidos nas cuestión anteriores										

Vilalonga, a ____ de _____ de 20__.

MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.

Para atender as diferenzas entre o alumnado das materias do departamento contémpanse tres tipos de medidas ordinarias nos tempos e espazos das aulas habituais:

1. Adaptación dos instrumentos de avaliación en forma de actividades de reforzo para o alumando que teñan grandes dificultades para acadar o grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe.
2. Adaptación dos instrumentos de avaliación en forma de actividades de ampliación para o alumnado que manifesten unha grande capacidade na aprendizaxe dos estándares.
3. Adaptación das metodoloxías de ensino-aprendizaxe en forma de traballo colaborativo entre alumnado con grao heteroxéneo de desenvolvemento de capacidades de modo que os máis avanzados titoricen aos que precisan algún tipo de reforzo.

ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

A materia de Xeografía e Historia pretende, segundo o nivel, adquirir ou consolidar nos alumnos e alumnas unha madurez social, un espírito crítico e unha sensibilidade que lles permita coñecer e valorar a natureza e o seu patrimonio histórico e artístico e, actuar de forma responsable e autónoma na sociedade actual. Isto supón a incorporación daqueles elementos que demanda a sociedade actual, tales como a educación para os dereitos humanos e a paz, educación cidadá, educación para a igualdade entre os sexos, educación ambiental, educación multicultural e europea ...

Estes temas transversais se desenvolverán de forma integrada nos contidos das diferentes materias e niveis.

- **A educación para os dereitos humanos e a paz** pretende: apreciar os dereitos e liberdades humanas como un logro irrenunciable da humanidade. Desenvolver actitudes de rexeitamento ás desigualdades sociais e económicas dos pobos e promover actitudes democráticas e de solidariedade con outros pobos e etnias.
- **A educación cívica** pretende: desenvolver actitudes de tolerancia e respecto por ideas, opinións e crenzas que no coinciden coas propias. Formar un xuízo crítico e razoado dos problemas das sociedades contemporáneas. Comprender aqueles contidos de gran impacto social como a emigración, a violencia, o racismo...
- **A educación para a igualdade entre os sexos** pretende: analizar criticamente a realidade e corrixir xuízos sexistas, rexeitar a violencia de xénero dando un tratamento equivalente e equilibrado ao papel semellante que xogan homes e mulleres no devir histórico. Consolidar hábitos non discriminatorios.
- **A educación ambiental** pretende: comprender as consecuencias medioambientais que se derivan de certos acontecementos políticos, económicos ou científicos: conflitos bélicos, explotación abusiva de recursos naturais, os incendios forestais... valorar e respectar o patrimonio histórico, artístico, cultural e social, asumindo a responsabilidade da súa conservación e mellora.
- **A educación multicultural** pretende: comprender o significado histórico de culturas non europeas. Desenvolver actitudes de tolerancia e valoración respecto aos demais.

Os temas transversais da Xeografía e Historia teñen varios temas comúns con outros departamentos como o de Ciencias naturais, o de Galego, o de Lingua e Literatura española... cos que poderá intercambiar material ou compartir actividades.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

En principio non se planean actividades extraescolares para a materia de Xeografía e Historia, xa que se ira vendo ó longo do curso as posibilidades de tempo e de actividades.

O departamento intentará organizar coa suficiente antelación á Vicedirección a realización de actividades complementarias e extraescolares.

MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PRESENTE DOCUMENTO E PROCESOS DE MELLORA.

Os obxectivos da avaliación da programación ou da práctica docente no Departamento de Xeografía e Historia son:

- Detectar necesidades educativas concretas no alumnado e aplicar as medidas de atención á diversidade necesarias segundo as dificultades de aprendizaxe que presente cada alumno/a.
- Coñecer o grao de cumprimento das programacións didácticas nas distintas materias.
- Valorar a posibilidade de introducir modificacións no desenvolvemento das programacións didácticas das materias do Departamento.
- Ter un seguimento dos resultados académicos nas avaliacións nas materias de Xeografía e Historia. Valorar estes resultados e facer un seguimento ao longo do curso.

Os instrumentos para a avaliación da programación ou da práctica docente son, fundamentalmente despois de cada avaliación:

- Aplicación de medidas de atención á diversidade nas materias de Xeografía e Historia.

- Informes de Xefatura de Estudos sobre resultados académicos.
- Valoracións presentadas polos membros do Departamento durante as reunións do Departamento.
- Resultados académicos obtidos polo alumnado nas materias de Xeografía e Historia nas avaliacións.

Os membros do departamento revisarán mensualmente a temporalización dos contidos de cada materia, así como os aspectos didácticos necesarios para o seu mellor aproveitamento por parte do alumnado.

Os membros do departamento analizarán ao final de cada avaliación os distintos aspectos do proceso de ensino-aprendizaxe en función dos resultados sumativos obtidos polo alumnado, implementando eventuais correccións durante o seguinte trimestre.

Na derradeira reunión os membros do departamento farán unha revisión xeral do curso e da programación para decidir que cousas modificar de cara ó curso vindeiro. Tal revisión e modificación ficará explícita na memoria de fin de curso.

RÚBRICAS DE CORRECCIÓN

- Rúbrica 1.- Actividades, probas...

CUALIFICACIÓN	SIGNIFICADO	VALOR DA NOTA
MM	Moi mal: a actividade non foi realizada ou foino de modo que non satisfai ningún criterio.	0%
M	Mal: a actividade foi realizada de modo que satisfai de modo insuficiente os criterios de cualificación.	25%
R	Regular: a actividade foi realizada de modo que satisfai de modo suficiente os criterios de cualificación.	50%
B	Ben: a actividade foi realizada de modo que satisfai de modo notable os criterios de cualificación.	75%
MB	Moi ben: a actividade foi realizada de modo que satisfai de modo excelente os criterios de cualificación.	100%

- **Rúbrica 2.- Observación de traballo diario.**

4	3	2	1	0
Mantén unha correcta actitude, fai as tarefas en tempo e forma, presta atención e participa con interese no proposto	Mantén unha correcta actitude, fai as tarefas en tempo e atende pero non participa en moitas actividades	Vai facendo as actividades pero hai que chamalle a atención e ás veces resulta molesto	Non ten unha boa actitude de traballo; non fai as tarefas nen presta atención pero non impide o desenvolvemento da sesión	Non fai nada, molesta e impide o normal desenvolvemento da sesión; non asiste á clase e non presenta xustificante